



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### MAÑÓN

*Delegación competencias da alcaldía na xunta de goberno local*

Decreto da Alcaldía nº 163/2023, de 30 de xuño.

O Pleno da Corporación, en sesión extraordinaria celebrada o día 29 de xuño de 2023, aprobou a creación da Xunta de Goberno Local coa composición, funcións e competencias que se establecen na Lei 7/1985, de 2 de abril.

Por Decreto nº 152/2023, de data 28 de xuño designáronse os Concelleiros que forman parte da Xunta de Goberno Local.

En virtude do exposto **RESOLVO**:

**PRIMEIRO.-** A Xunta de Goberno Local terá asignadas as seguintes competencias:

A) A asistencia permanente ó Alcalde no exercicio das súas atribucións.

B) As seguintes atribucións que esta Alcaldía de forma expresa delega:

- 1) Aprobar a oferta de emprego público de acordo co orzamento e a plantilla aprobada polo Pleno, aprobar as bases das probas para a selección do persoal e para os concursos de provisións de postos de traballo.
- 2) Aprobar os instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral, non expresamente atribuídos ó Pleno, así como as dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.
- 3) O outorgamento de licenzas de obra, de actividade ou de apertura, salvo que as leis sectoriais o atribúan ó Pleno.
- 4) Adoptar os acordos que procedan nos expedientes que se tramiten para a protección de legalidade urbanística.
- 5) As contratacións e concesións de toda clase cando o seu importe non supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento nin, en calquera caso, os seis millóns de euros, incluídas as de carácter plurianual, cando a súa duración non sexa superior os catro anos, sempre que o importe acumulado de todas as anualidades non supere a porcentaxe indicada, referida ós recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a contía indicada, conforme ó disposto na disposición adicional segunda do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, que aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público.
- 6) Dispoñer gastos dentro dos límites da súa competencia e ordenar pagos así como a aprobación de facturas que correspondan ó desenrolo normal do orzamento reservándose a Alcaldía a competencia ata a contía de seis mil euros (6.000,00 €).
- 7) A aprobación de proxectos de obras e de servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión e estean previstos no orzamento.
- 8) A adquisición de bens e dereitos cando o seu valor non supere o dez por cento dos recursos ordinarios do orzamento nin os tres millóns de euros, así como a enaxenación do patrimonio que non supere a porcentaxe nin a contía indicada.
- 9) A aprobación de certificación de obras.
- 10) A resolución de recursos de reposicións que se interpoñan contra os acordos en materias delegadas.
- 11) Devolución de fianzas de todo tipo de contratos ou concesións de asuntos competencia da Xunta de Goberno Local.
- 12) A solicitude de tódalas subvencións a favor desta administración que sexan de competencia da Alcaldía.

C) As atribucións que lle atribúan as Leis.

**SEGUNDO.-** Fixar as sesións ordinarias para os segundos e últimos luns de cada mes ás 20,00 horas.

**TERCEIRO.-** A Alcaldía poderá avocar en calquera momento as atribucións delegadas de acordo co artigo 10 da Lei 40/2015, de 1 de outubro do Réxime Xurídico do Sector Público.

**CUARTO.-** Publicar esta resolución no Boletín Oficial da Provincia, en cumprimento do disposto no artigo 44.2 do Real Decreto 2568/19986, de 28 de novembro.

En Mañón, coa data da sinatura electrónica. - O ALCALDE.: Alfredo Dovale Pedreira

En Mañón, a 8 de agosto de 2023

O Alcalde

Alfredo Dovale Pedreira

2023/6615